

Eva Veiga, poeta homenaxeada pola AELG: "Ver a dor allea a través das pantallas fainos máis indiferentes a ela"

A AELG dedícalle hoxe a homenaxe "A escritora na súa terra" en Pontedeume. Con este pretexto, *Nós Diario* achégase á poeta e xornalista Eva Veiga, unha autora que entende o territorio, precisamente, como un imaxinario simbólico e a poesía como un proceso transformativo. Para ela, a atención afiada ao mundo anóvanos e a fragilidade é a única vía de salvación.

[Manuel Xestoso](#)

13 de xuño de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/eva-veiga-poeta-homenaxeada-pola-aelg/20260613095137259299.html>

Eva Veiga responde cunha ritualidade que –como ela mesma quere– transforma a palabra en canto. A súa voz é unha conversa circular co mundo, chea de atención e asombro. Cunha oralidade pausada pero apaixonada, comparte a sabedoría da fragilidade feita forza e ese dicir é xa unha experiencia transformadora.

Recibe vostede un recoñecemento como escritora na súa propia terra, en Pontedeume. Que importancia ten que sexa precisamente aquí, o seu "paraíso da infancia"?

Hai poucos recoñecementos tan gratificantes para unha escritora como o que se recibe na propia terra. Por varias razóns: unha delas é que un sempre desexa que o queiran os seus, a súa xente. Pero, ademais, no meu caso o territorio e a paisaxe son esenciais. Este espazo forma parte do meu íntimo imaxinario e da miña aprendizaxe, pero tamén transcende o persoal para facerse simbólico na miña obra. A poesía ten esa capacidade de facer que o evidente, o que vemos, se transforme noutra forma de vida. Para min a natureza é, ante todo, coñecemento. Nela aprendes que todo se interrelaciona; que a vida é unha comunidade vexetal, animal e mineral baseada na reciprocidade e non en elementos desconectados.

A súa vocación poética revelouse aos catro anos a través dunha experiencia case máxica na escola.

Así foi. Fun á escola moi cedo, nunha desas escolas unitarias de nenas onde compartiamos espazo as nenas de catro anos con mozas de catorce. Un día, a mestra leu un poema sobre a

metamorfose dun verme en bolboreta. Aquilo foi un acontecemento que me cambiou a mente e as neuronas; quedei abraiada ante o que era a poesía. Eu xa traía a oralidade de nacemento porque a miña avoa paterna recitaba **Rosalía** e sabía dicir os poemas, pero aquel momento reveloume unha certa ritualidade no dicir. Foi como se todo se despregarase no aire con maxia, cunha hiperrealidade onde as cores da metamorfose se producían realmente ante min.

Despois de tantas décadas dedicada á escrita, como consegue manter viva esa capacidade de asombro e esa percepción do universo como totalidade?

Para min a poesía supuxo unha muda no modo de ollar e de estar no mundo. Cando habitas o mundo dese xeito, a mirada é sempre nova porque a poesía o que fai é afinar a atención. Esa atención permite descubrir cousas novas constantemente porque a vida renóvase sen fin, e nós con ela. O marabilloso da creación é que non é algo que vén xa feito, senón que se fai no momento; é unha conversa co mundo, cos demais e cunha mesma. Eu teño unha percepción do tempo integrada, circular e non puramente cronolóxica. Sinto que cando actúo no presente fágoo co todo o pasado e mesmo co futuro. O que pasa no presente esperta o que xa pasou e faíno presente de novo, pero renovado. Estamos vivos na medida en que nos transformamos: cando algo deixa de transformarse é que está morto.

Vostede insiste en que a obra poética transcende o texto escrito e que a súa culminación é a oralidade. Por que esa necesidade de que o poema sexa "dito"?

Porque a oralidade é a volta á orixe da poesía: o canto. É a culminación do poema. Teño unha verdadeira adición a recitar en público porque me permite rememorar eses momentos fundacionais da miña infancia onde escoitaba a palabra dita. Co grupo Ouriol buscamos precisamente que a experiencia estética sexa máis plena e multidisciplinar, combinando música e imaxes, pero o que máis me presta é compartir a palabra para que acade unha resonancia. Cando o silencio do público actúa nese proceso, xérase unha experiencia transformativa. A poesía é sempre iso: transformación.

Sorprende moi gratamente como ese mundo íntimo e natural convive cun compromiso social e político moi manifesto. No seu caso, como se vinculan estes dous planos?

Non son mundos excluíntes. Na medida en que o mundo mellora ou empeora, melloramos ou empeoramos nós; é un sentido da xustiza e do ben común que me vén desde nena. Indígnanme a crueldade e as inxustizas, especialmente agora que os xenocidios e a cobiza do capitalismo pasan diante dos nosos ollos en directo. Semella que ao velo todo a través das pantallas acabamos sendo máis indiferentes á dor allea. Pero o poder sabe moi ben o que fai; hoxe utilízanse ferramentas como a mecánica cuántica ou a neurociencia para o márketing e a manipulación. Existe un traballo deliberado que ten como obxectivo que non haxa conciencia crítica.

É vostede moi crítica co papel da tecnoloxía na educación e na sociedade. Cre que estamos perdendo a batalla pola atención?

Absolutamente. O poder está tecendo unha rede que nos ten apresados. Lembro que cando se empezaron a pór pantallas nas escolas e eu vía aí un retroceso, a xente chamábame retrógrada. Pero hoxe vemos nenos e bebés colonizados polas pantallas, o que lles impide prestar atención ao medio que os rodea. A educación require un esforzo, pero ao poder non lle interesa fomentar a conciencia crítica. Os plans de estudio veñen de moi arriba e están deseñados para que non

colla neles o pensamento libre. Sen conciencia crítica só podemos ser escravos do poder, manifeste como se manifeste.

Os medios de comunicación temos moita responsabilidade na creación desa conciencia crítica. Como profesional pioneira da televisión na Galiza, como valora o papel actual dos medios de comunicación?

Os medios teñen unha responsabilidade inmensa, pero hoxe maiormente son órganos de publicidade ou de manipulación da linguaxe. Se manipulas a linguaxe, pervertes o pensamento. Vivimos unha invasión masiva a través das redes e das pantallas que constitúe unha verdadeira colonización dos cerebros. É tremendo porque moitos medios financiados polo poder dedícanse a lanzar falacias constantes. É como se un médico fixera falsos diagnósticos a sabendas; esa é a gravidade da situación.

A súa relación coas artes tamén inclúe o cinema, especialmente a través da súa colaboración con Margarita Ledo. Que lle achegou esa experiencia?

Traballar con Margarita foi unha sorte inmensa; paréceme unha muller que lle deu cousas impagábeis a este país. Dela aprendín que o coñecemento teórico e a vida práctica non teñen por que estar separados. Todas as artes e saberes están interrelacionados e enriquecéense mutuamente. Con todo, eu non estou pola abolición das disciplinas artísticas. A poesía non pode ser prosa porque o modo en que utilizas a linguaxe determina un coñecemento diferente; o que di a poesía non pode ser expresado doutro xeito. Podes ter prosa poética, pero iso non é novela ou o teatro, que teñen as súas propias dinámicas de coñecemento.

Falou vostede nalgunha ocasión da súa enfermidade como unha "oportunidade". É difícil entender ese concepto desde fóra. Como o vive vostede?

Desde o momento cero tomeino como unha experiencia de aprendizaxe. Non é valentía nin mérito, é a miña natureza. Nunca me preguntei "por que me pasa isto a min?"; asumino como algo que lle pode pasar a calquera. De feito, sinto que son mellor e máis valiosa agora que antes da enfermidade, aínda que pareza pretencioso. Observar o que me pasaba, case como unha meditación, ensinoume a asumir a miña fragilidade. Aprendín tanto nese proceso que só podo estar agradecida, aínda que soe raro. Grazas á sanidade pública, á familia e aos amigos funme sostendo nese proceso que foi a experiencia máis importante da miña vida.

Cre que esa fragilidade podería dar lugar a cambios na visión do mundo que nos levasen a lugares menos conflictivos?

Teño a teoría de que a fragilidade é o único que nos podería salvar. Sentirse frágil fainos humildes e evita a prepotencia. Tamén xera compaixón, que é a capacidade de compadecer alguén – 'compadecer' é 'padecer con'– algo moi distinto á simple piedade. Se observas aos psicópatas que gobernan o mundo, verás que teñen sistemas inmunitarios fortísimos; aguantan o que sexa e levan a humanidade cara á extinción. O medo non é polo planeta, porque a natureza sempre rebrotará como fixo en Chernóbil; o medo é pola nosa especie. Necesitamos un conclave de saberes para redefinir o que significa ser *Homo sapiens*.

"A revolución só chegará por un cambio na maneira de pensar"

Ao feche da conversa, Eva Veiga reflexiona sobre a crise da humanidade e a necesidade dunha mudanza radical de paradigma. Fronte á sensación de estar nun punto sen retorno, a poeta

invoca a idea de **Hölderlin** sobre a salvación no momento crítico, sinalando que, como dicía o autor alemán, "o que nos pon ao bordo do abismo é o que nos salva". Para Veiga, a supervivencia da nosa especie exige un cambio conceptual profundo e unha redefinición do que significa ser *Homo sapiens*, xa que considera que actualmente estamos dirixidos por comportamentos psicopáticos.

A poeta e xornalista sostén con firmeza que "temos que cambiar conceptualmente, temos que cambiar os paradigmas" e aprender a pensar doutro xeito para evitar a extinción. Neste contexto, defende que "a revolución só pode vir por aí", referíndose exclusivamente a un cambio de pensamento, xa que as "revolucións violentas hoxe non teñen sentido" ao vivir nun "sistema político global da forza" onde o poder detenta todos os medios de coacción física. Conclúe que a única saída viable reside nesa "transformación interna e intelectual da sociedade".